



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias marzo 2019

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de marzo do ano 2019 acadou a cifra de 1.004.405 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de febreiro de 2019 de 7.094 afiliacións (0,71%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.043.576, rexistrando un aumento do 0,82% con respecto ao pasado mes de febreiro.

Na comparativa interanual (marzo de 2019 con marzo de 2018) obsérvase un incremento de 19.521 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,98%), e un incremento do 2,93% (541.488 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de febreiro de 2019, todas elas, excepto Castilla La Mancha (cunha taxa do -0,07%), rexistran un aumento das afiliacións. Presentan os maiores crecementos Illes Balears (5,59%) e, xa en menor medida, Murcia (1,67%) e Cantabria (1,08%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en: Castilla La Mancha, Madrid, Andalucía, Murcia, Comunitat Valenciana e Navarra (todas elas con taxas superiores ao 3,0%). En senso contrario, os menores crecementos rexístranse en Asturias, Castilla y León, Cantabria e País Vasco (todas elas con taxas inferiores a o 2,0%).


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2019	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	19.043.576	155.104	0,82	541.488	2,93
Galicia	1.004.405	7.094	0,71	19.521	1,98
Andalucía	3.112.701	29.142	0,95	105.363	3,50
Aragón	568.811	4.011	0,71	13.432	2,42
Asturias	361.552	1.767	0,49	3.801	1,06
Illes Balears	458.019	24.243	5,59	9.114	2,03
Canarias	809.240	5.346	0,67	21.275	2,70
Cantabria	213.649	2.279	1,08	3.656	1,74
Castilla La Mancha	698.235	-468	-0,07	26.646	3,97
Castilla y León	910.398	4.687	0,52	13.659	1,52
Cataluña	3.410.506	25.100	0,74	89.679	2,70
Comunitat Valenciana	1.891.515	15.548	0,83	58.289	3,18
Extremadura	390.665	2.689	0,69	10.080	2,65
Madrid	3.209.223	17.168	0,54	117.203	3,79
Murcia	584.584	9.608	1,67	19.261	3,41
Navarra	283.544	1.792	0,64	8.281	3,01
País Vasco	960.275	4.477	0,47	16.765	1,78
La Rioja	128.621	404	0,32	2.817	2,24
Ceuta e Melilla	47.632	216	0,46	2.647	5,88

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de febreiro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas, agás en Ourense. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 2,60%, o que supón 8.866 afiliacións máis, seguida de A Coruña (2,17%) e Lugo (1,31%). Ourense é a única provincia onde descendieron as afiliacións, 77 menos que en marzo de 2018, cunha taxa interanual do -0,08%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de marzo con respecto ás do mes de febreiro de 2019, rexistrouse en Galicia un aumento do 0,71%. Todas as provincias amosan datos positivos, producíndose o maior aumento en A Coruña (0,77%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2019	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	431.703	3.316	0,77	9.166	2,17
LUGO	121.496	800	0,66	1.566	1,31
OURENSE	101.602	470	0,46	-77	-0,08
PONTEVEDRA	349.604	2.508	0,72	8.866	2,60
GALICIA	1.004.405	7.094	0,71	19.521	1,98
ESPAÑA	19.043.576	155.104	0,82	541.488	2,93


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,0% das afiliacións galegas en marzo de 2019, medraron un 0,84% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 3,00%. En España estas taxas foron do 0,89% con respecto a febreiro de 2019 e do 3,40% en relación ao mes de marzo de 2018. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (70,7%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -1,36%. Para este réxime e con respecto ao mes de febreiro de 2019, A Coruña e Pontevedra rexistran taxas positivas e Lugo e Ourense negativas; resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do 0,20%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha variación positiva con respecto a febreiro de 2019 (0,45%) e unha variación interanual positiva con respecto a marzo de 2018 (0,73%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a marzo de 2018 A Coruña é a única provincia con taxa positiva (0,02%), mentres que o maior descenso rexístrase en Lugo (-2,01%). A taxa galega é do -0,24%, inferior á de España (2,32%). No caso das taxas intermensuais (con respecto a febreiro de 2019), todas son positivas e o maior valor corresponde a Lugo (1,82%), polo que a taxa galega amosa un aumento do 1,00% con respecto a febreiro de 2019. A taxa nacional é do 3,18%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MARZO 2019	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	431.703	0,77	2,17
LUGO	121.496	0,66	1,31
OURENSE	101.602	0,46	-0,08
PONTEVEDRA	349.604	0,72	2,60
GALICIA	1.004.405	0,71	1,98
ESPAÑA	19.043.576	0,82	2,93
R. XERAL			
A CORUÑA	340.143	0,90	3,00
LUGO	85.866	0,97	3,09
OURENSE	77.711	0,63	1,28
PONTEVEDRA	269.316	0,79	3,47
GALICIA	773.036	0,84	3,00
ESPAÑA	15.723.510	0,89	3,40
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	85.496	0,33	-0,86
LUGO	34.123	-0,16	-2,77
OURENSE	23.892	-0,05	-4,23
PONTEVEDRA	66.786	0,31	-0,20
GALICIA	210.297	0,20	-1,36
ESPAÑA	3.254.078	0,45	0,73
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	6.063	0,07	0,02
LUGO	1.508	1,82	-2,01
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.502	1,33	-0,16
GALICIA	21.073	1,00	-0,24
ESPAÑA	64.426	3,18	2,32

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>